



NOTICIAS DA MESA Xoves, 11 de Maio de 2017

## Unha nova discriminación lingüística no SERGAS



A Mesa pola Normalización lingüística vén de facer público un novo caso de discriminación lingüística no SERGAS, no que un paciente foi obrigado a retrasar a realización dunha proba por escoller utilizar o galego



O paciente foi derivado ao Hospital Juan Cardona de Ferrol, onde tiña que facer unha proba do TAC o día 21 de abril de 2017. No hospital solicitáronlle que asinase unha autorización, mais cando o paciente a pediu en galego, dereito que lle reconece a lexislación vixente, desde o hospital dixéronlle que non tiñan documentación en galego. O xefe de Radioloxía falou co paciente e díxolle que non

dispoñía de autorización en galego e que se non asinaba o documento en castelán non podía facer a resonancia.

Nas datas previas ao Día das Letras Galegas, tivemos coñecemento dunha grave discriminación lingüística na sanidade, [denunciada pola Mesa pola Normalización Lingüística](#). Unha persoa tivo que ver atrasada unha proba diagnóstica por non dispoñer o centro privado ao que foi derivado desde o SERGAS do documento de consentimento informado en galego.

Non é a primeira vez que acontece, por iso, diriximos este escrito ao Xerente do SERGAS e ao Conselleiro de Sanidade, para exixir que se garantan os dereitos lingüísticos das persoas usuarias da sanidade (preme para agrandar)



Jesús Vázquez Almuíña  
Conselleiro de Sanidade  
Antonio Fernández-Campa  
Xerente Servizo Galego de Saúde

O artigo 3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, estipula que "os poderes públicos de Galicia adoptarán medidas oportunas para que ningún sexa discriminado por razóns de lingua". O artigo 6.1 da mesma lei, establece o dereito dos/as cidadáns/as ao emprego do galego, tanto oralmente como por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública. Así mesmo, e en desenvolvemento destes artigos da LNL, a Consellería de Sanidade emitiu o 8 de novembro de 2005 as instrucións 11/2005 sobre "Emprego do galego nos documentos da Consellería de Sanidade e do SERGAS".

Na CIG-Saúde vimos de ter coñecemento de que en días pasados unha persoa usuaria da Sanidade Pública, tivo que ver atrasada unha proba diagnóstica por non serlle facilitado o documento de consentimento informado en lingua galega, tal e como esta persoa requiriu, conforme ao seu dereito.

Nesta ocasión, trátase da negación dun dereito a unha persoa derivada desde a Sanidade Pública a un centro concertado de Ferrol, o hospital Juan Cardona, que xa noutra ocasión negara a posibilidade de entregar a documentación en galego, é dicir, un caso resicidente de negación de dereitos a unha persoa que está accedendo a un servizo prestado pola Administración Sanitaria Pública.

Que se fixo desde a Consellería de Sanidade a este respecto? Que pensa facer para garantir os dereitos lingüísticos das persoas administradas?

Posto que isto non é a primeira vez que sucede, nin o único centro onde se ten producido, desde a CIG-Saúde instamos a que dunha vez por todas se tomen medidas para que todos os centros dependentes desta Consellería, e todos aqueles centros que atenden persoas derivadas da Sanidade Pública dispoñan de toda a documentación na nosa lingua propia, o galego, e garantan a non discriminación de ningún por razón de lingua.

Así mesmo, exiximos que desde o Servizo Galego de Saúde se establezan as medidas oportunas para que todo o persoal dispoña das ferramentas necesarias para a garantía dos dereitos lingüísticos, tanto a nivel material como de formación.

A Administración Sanitaria Galega non pode continuar a consentir casos graves de discriminación como o que aconteceu estes días.

Agardando a súa resposta,

Santiago, 15 de maio de 2017

Asdo: María Xosé Abián Álvarez  
Secretaría Nacional de CIG-Saúde

Miguel Cabreiro, 12  
15133 Santiago  
Télex: 981 522826  
981 564300  
982 312958  
Fax: 981 571082  
Correo-e:  
secretariadonacional@ig-  
saude.info  
avacua@ig-saude.info  
secretabon@ig-saude.info  
Web:  
www.ig-saude.info

A noticia en [Avantar](#)

## Atrásase unha proba diagnóstica no Juan Cardona por non facilitarse documentación en galego

### CIG-Saúde denuncia a discriminación lingüística que sofren as persoas usuarias na sanidade pública galega

**CIG-Saúde** vén de dirixirse ao conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, e ao Xerente do Servizo Galego de Saúde, Antonio Fernández-Campa, para denunciar a discriminación lingüística sufrida por unha persoa usuaria da Sanidade Pública, que tivo que ver atrasada unha proba diagnóstica por non serlle facilitado o documento de consentimento informado en lingua galega, tal e como esta persoa requiriu, conforme ao seu dereito.

A **CIG-Saúde** explica que nesta ocasión, trátase da negación dun dereito a unha persoa

derivada desde a Sanidade Pública a un centro concertado de Ferrol, o hospital Juan Cardona, que xa noutra ocasión negara a posibilidade de entregar a documentación en galego, é dicir, “un caso reincidente de negación de dereitos a unha persoa que está accedendo a un servizo prestado pola Administración Sanitaria Pública”. Con todo, asegura que isto non é a primeira vez que sucede, nin este é o único centro onde se ten producido.

Lembra que o artigo 3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, estipula que “*os poderes públicos de Galiza adoptarán medidas oportunas para que ningún sexa discriminado por razóns de lingua*”. O artigo 6.1 da mesma lei, establece o dereito dos/as cidadáns/ás ao emprego do galego, tanto oralmente como por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública. Así mesmo, e en desenvolvemento destes artigos da LNL, a Consellaría de Sanidade emitiu o 8 de novembro de 2005 as instrucións 11/2005 sobre “Emprego do galego nos documentos da Consellaría de Sanidade e do SERGAS”.

Por iso insta a que, dunha vez por todas, se tomen medidas para que todos os centros dependentes desta Consellaría, e todos aqueles centros que atenden persoas derivadas da Sanidade Pública dispoñan de toda a documentación na nosa lingua propia, o galego, e garantan a non discriminación de ningún por razón de lingua.

Exixe ademais que desde o Servizo Galego de Saúde se establezan as medidas oportunas para que todo o persoal dispoña das ferramentas necesarias para a garantía dos dereitos lingüísticos, tanto a nivel material como de formación, entendendo que a Administración Sanitaria Galega non pode continuar a consentir casos graves de discriminación como o que aconteceu estes días.